



Nuria Vil: «Segue a existir a narrativa de que as persoas queer somos perigosas»

1 de xuño de 2026 Tamara Novoa

<https://amovida.gal/nuria-vil-segue-a-existir-a-narrativa-de-que-as-persoas-queer-somos-perigosas/>

Nuria Vilán Prado (Santo André de Comesaña, 1993) foxe de convencionalismos e pon o corpo (e a voz) para loitar contra un sistema baseado nas desigualdades. A través da súa creación artística amosa as violencias ás que son sometidas todas as persoas que, coma ela, desafían o normativo. Recentemente gañou o XX Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas con *desobediencia*, que acaba de saír do prelo. Conversamos á beira do mar da praia do Vao, que reflicte neste novo poemario.

Defíneste como recitadore. Que ten a oralidade que non ten a escrita?

Eu podo recitar un día unha cousa e ao seguinte outra. Entón, hai un certo grao de espontaneidade que a escrita, inevitablemente, non pode ter, porque hai que escoller unha opción, deixala escrita e que quede aí. Tamén necesitas unha persoa que escoite, ten que haber alguén do outro lado que reciba o que eu digo.

Como nace ou de onde vén esa vocación de contar historias?

É unha pregunta que me fixen moito e non teño nin idea. As miñas avoas, a miña nai, as miñas tías..., en definitiva, as mulleres que tiven ao redor son mulleres que falan moito entre elas, que son moi espontáneas, que sempre teñen historias. Hai unha riqueza en contar as historias que creo que reside na oralidade, e moita xente pode recoñecela porque a temos ao noso redor. Logo, eu vivín moitas cousas na miña adolescencia e despois tiven unha necesidade de contalo ou de buscar un tipo de voz, miña, propia, coa que saír dalgún sitio.

Decátaste na adolescencia de que o que che gusta é contar historias?

Non, moito máis tarde. Son unhe recitadore, poeta, creadore que moita xente consideraría tardía. Con 23 anos ou así comecei a facer recitais, a interesarme un pouco máis e a escribir algunhas cousas, pero na adolescencia non estaba escribindo. Estudando a carreira tiven a oportunidade de empezar a ler autoras, de coñecer movementos literarios máis performáticos, con moita cor, moito flúor e moita xente subida nos escenarios cagándose en todo. Aí atopei algo

no que me recoñecía e que me parecía divertido, e dixer: pois eu quero facer esta cousa, eu tamén quero divertirme así.

E quen eran esas autoras?

No inicio non tiña referentes de mulleres escritoras; naquel intre foran Rompente, Ronseltz ou o Batallón da Costa da Morte. Ao seren todo homes, iso facía que tampouco me acabase de recoñecer de todo. Estando xa na Universidade de Vigo, descubrín A Segá, a plataforma de crítica literaria feminista, e empecei a facerme preguntas. Decateime de que non tiña referentes, primeiro autoras e despois persoas non binarias que escribisen, ou persoas do colectivo LGBT nas que recoñecer a miña vida. Sempre digo que me marcou moitísimo escoitar a **Silvia Penas** na Colexiata, aínda que ela fai unha cousa diferente ao que eu fago. Pero ao vela si que puider ver un espello e dicir: eu fago iso na miña casa.

Faltan autoras no currículo de Filoloxía?

É que aí creo que depende da facultade. Penso que tiveron moita sorte, déronse unhas circunstancias estrañísimas na Facultade de Filoloxía de Vigo: tiveron de profesoras a **María Jesús Fariña**, **Beatriz Suárez Briones** e **Susana Barcia**, e profesores como **Anxo Angueira**, que sempre nos recitaba moitísimo nas clases, ou **Burghard Baltrusch**, que en lugar de avaliarme cun exame me permitiu facer unha *performance* a partir da obra de **Saramago**. As mulleres non estaban no currículo, pero había algunhas profesoras que as metían e tiñamos optativas unicamente sobre mulleres na historia literaria. Despois, ao chegar á Universidade de Compostela para facer un mestrado, decateime de que todo depende da facultade na que esteas. Alí percibín moito máis machismo, moita máis violencia e moito menos interese por saber que nos gusta ao alumnado ou que temos na cabeza. Respondendo á túa pregunta, non coñezo como é o currículo agora, pero cando eu estudei faltaban moitísimas mulleres.

Tras gañar o Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, este mes publicas *desobediencia*, que chega cinco anos despois de publicar *Simún*, o teu primeiro poemario. É difícil facerse un espazo na poesía ou na literatura sen deixar rexistro escrito?

O que ten peso ou do que a xente se preocupa por saber que hai detrás é a escrita. A xente pensa que despois de *Simún* non escribín nada ou non fixen nada, e non parei de facer cousas. En colaboración co Museo Raíña Sofía, escribín un poema a partir dun cadro. Fixemos *Indóciles e Por Xela!*, escribín e saquei *Delincuente*, escribín en cinco ou seis libros de antoloxías conxuntas... Pero tamén son consciente de que son un pouco *rara avis*; en xeral necesitas escribir moito máis, deixar moito máis rexistro escrito para poder vivir do teu traballo artístico. Eu son unha persoa moi teimuda e resisto, pero con todo o que iso implica.

Falemos de *desobediencia*. Que atopamos neste novo libro?

É a miña visión da poesía erótica. Para min a desobediencia está en resistir fronte ao sistema. Sobre todo as persoas do colectivo LGBT estamos sempre invisibilizadas polo sistema. Inspíreme nos fotogramas da curta dirixida por Iria Silvosa, que filmou pedras en Super 8. A min o que me inspiraba era pensar que as pedras resisten, o vento escúlpeas moi lentamente, erosiónaas. A paisaxe cambia pero moi lentamente, entón ás veces hai que pararse a pensar como estaba esa paisaxe hai cen anos e como está agora. Tamén reflexiono sobre a idea de que a paisaxe é violenta. Que bonito é o mar; pero o mar castiga, oxida, erosiona.

Es de Santo André de Comesaña. Notas que nas parroquias o galego está máis vivo que no centro de Vigo?

Si. Vigo desde fóra vese sempre como as catro rúas do centro, as luces e nada máis. Pero é moito máis que iso e creo que nas parroquias e nas zonas da periferia o galego está máis vivo.

Es neofalante. En que momento decidiches dar o paso a empregar o galego?

Fixen o cambio definitivo cando xa estaba na universidade estudando Filoloxía Galega e Hispánica. Antes había certas cousas que me estrañaban, pero non tiña as ferramentas para identificar que pasaba. Naturalizaba que a miña avoa falase en galego e sempre se dirixise a min en castelán. Cando fun consciente, decidín cambialo, e foi bastante complicado. Por iso creo que hai que coidar moito da xente neofalante, fale ou non segundo a norma, coloque ben ou non o pronome. De inicio creo que hai que darlle moito amor. Eu tiven que papar unha serie de contestacións do tipo «es moi guapa para falar galego», é duro. Moitos anos despois, no proceso de escrita de *Simún*, comecei a pensar e a preguntarme: se me preocupaba tanto a lingua, o recordo familiar, o legado invisible que che deixan as persoas —e que non é físico, que é emocional—, por que falaba un galego que a min nunca me falan? Aí fixen ese cambio e recuperei os trazos dialectais. Pero son consciente de que o fixen desde o privilexio absoluto de ter unha formación universitaria en lingua e literatura que me permitiu defenderme de todas as persoas que se me botaron enriba. Son consciente de que calquera persoa que sempre falase así, sen unha xustificación académica detrás, sofre unha violencia moi grande, desacreditana, díselle que ten que aprender a falar galego. As miñas veciñas a día de hoxe seguen a dicirmo; Carmiña sempre me di: «Ai, co guapa que ti es, agora que vas á tele, con todo o que estudas, como é que falas así, coma nós?».

Como coñeciches a historia de la Maradona?

Non o recordo exactamente. Xa coñecía a historia cando vin nun xornal dixital o titular «Así era el Vigo de la Maradona». Logo había vídeos circulando por YouTube nos que saían varias persoas falando dela e dicían: «Es que se acercaba por la calle y tú ya pensabas: buf, madre mía, me tiemblan las piernas». Foi aparecendo e eu fun arquivando todo.

E como naceu a idea de crear a curta *Delincuente*?

En 2021 dedicáronse as Letras Galegas a **Xela Arias** e pedíronnos un espectáculo en homenaxe. Cada poeta tiña que escribir un poema de dous ou tres minutos. Eu traballo con textos moi longos e fixen un poema que duraba oito minutos e algo, que despois seguí aumentando e logo cortei para *Delincuente*. Ao escribilo sempre o vin de forma moi visual, tiña escenas na cabeza. En 2022 presenteime á Bolsa Ensaia e dixen moi claramente que se me daban os cartos faría este proxecto. Conseguinte, pero os cartos da bolsa non daban, porque facer cine é moi caro, así que tiven que lanzar un micromecenado e finalmente conseguímolos.

Que che chamou a atención dese Vigo dos oitenta?

A loita social. Estes días estiven en Girona e preguntei que imaxe teñen de Vigo. Eran persoas de entre 55 e 68 anos e dixéronme que a súa imaxe de Vigo é a do cóctel molotov. Recordaban as imaxes das folgas xerais do Estado e tiñan Vigo como unha especie de faro sindical de loita obreira. A min isto sorpréndeme, non o vivín e non sei en que momento rompeu a cadea da información, que non nos chega. A partir de pescudar decateime de que esa tarxeta de Vitrasa que temos a día de hoxe naceu dunha manifestación moi violenta polos pases pro bus. Entendín que as condicións de traballo que tiña o meu pai, que durante moitos anos traballou polo convenio do metal nunha empresa, llelles debía a moitas persoas que saíron á rúa para pelexalas antes.

Parte da curta transcorre no autobús Cometa. Por que decidiches gravar no Vitrasa?

Como persoa das parroquias de Vigo, teño unha relación de amor-odio co Vitrasa. Creo que é unha cousa que nos define moito. Hai xente que o «paletiza» e di: «Xa están os de Vigo co Vitrasa». Tendo en conta que hai unha cousa despectiva en como nos miran a xente de Vigo desde fóra, agora, estea onde estea, chámolle Vitrasa, négome a chamarlle bus urbano. O Vitrasa atravesaba o poema, é historia de Vigo.

En que sentes que desde fóra de Vigo se nos ve de forma despectiva?

Recibín isto moitas veces. Ao non haber unha programación cultural apoiada pola institución, hai unha imaxe de que en Vigo non hai cultura. Si que hai moita programación cultural nas salas independentes, nos bares, na rúa, pero non pode competir con Compostela, aínda que moitos dos proxectos que seguimos con vida naceron en Vigo, e eu considero que somos xente moi comprometida coa lingua, coa arte multidisciplinaria, coa palabra. Vigo é un ferreiro de moitas cousas, pero iso non chega a proxectarse.

En *Delicente* pos diante da cámara corpos non-normativos. Por que?

As persoas que teño ao redor son eses corpos. Chega un punto en que é doloroso ver como a narrativa xeral nos exclúe todo o tempo. Eu dicía: como é posible que non haxa unha gorda nesta serie? Ou como é posible que non haxa nesta película unha persoa que non sexa branca ou unha persoa trans? Onde están? Se eu as teño ao meu redor e non están ocultas debaixo da terra; dan clases na universidade, traballan de cara ao público, dedícanse a proxectos culturais... Como é posible que a ficción siga reproducindo esa idea de que somos minoría?

E por que cres que non están?

Porque segue a existir a narrativa de que somos xente perigosa. Esa idea de que hai que ter coidado con todo o que se desvía lixeiramente da idea de casar, comprar unha casa, hipotecarse, ter fillos. Todo o que se resiste un pouco a iso é perigoso, porque entón deixamos de ser produtivos para o sistema.

Que papel cres que xoga a cultura ou a produción cultural á hora de visibilizar e reivindicar as persoas disidentes?

Creo que desde a ficción e desde a arte se pode contradicir esa narrativa. Ao final a arte busca conectar coas emocións, e calquera persoa ten emocións. En fin, non sei se os fachas teñen sentimentos, creo que si que poden empatizar, pero non o fan porque nunca se permitiron —ou nunca lles deixaron— pensar outra cousa. Pero, en xeral, todas as persoas temos emocións e podemos conectar con elas. Podes non entender un discurso académico, pero podes escoitar música e que se che mova algo.

Defíneste como *queer*?

Queer é un concepto que está moi cargado. Hoxe mesmo levo unha camiseta que pon «O amor *queer* destrúe o fascismo». Diría que si que me meto aí dentro, aínda que tamén son moi consciente de que se constrúe desde unha visión branca occidental, pero estou disposta a aceptar as incongruencias.

Creo que foi complicado proxectar en Vigo *Delicente*.

Na Coruña estreouse no festival Intersección, en Compostela estivo no festival Curtocircuito, estivo no Play-Doc de Tui. En Vigo non hai festivais de cine, non tiña como vir, directamente non

tes a quen enviarllo. Proxecteino nos Multicines Norte, pero foi un empeño persoal. Aínda así, é complicado: necesitas os cartos para alugar a sala, despois poñer unha entrada e que veña a xente.

En *Delincuente* dis: «Gastando centos de miles de euros en artistas de renome e luces LED, mentres as pequenas morremos de fame». Sénteste abandonada como artista da cidade?

Cambiei o verso, agora cando o recito non digo «mentres as pequenas morremos de fame», senón que digo «mentres o resto morremos de fame». Levo dez anos facendo o meu traballo, consigo vivir del, a miña poesía ten proxección a nivel estatal e noutros lugares. Está claro que non podo compararme coa industria da música e, seguramente, nunca encherei cun recital Balaídos, pero decateime de que era un menosprezo. Hai disciplinas que non temos esa proxección e, si, eu síntome completamente abandonade pola cidade porque practicamente nada do que fixen nos últimos seis anos pasou por Vigo. E iso tamén xera que a xente pense que o que fago é moi complicado ou non ten interese e por iso non está en ningún sitio. Logo penso no que sucedeu con *Delincuente*, pois a sala tiña capacidade para 150 persoas e quedaron outras cen fóra. Entón gardo iso moi forte comigo e penso que á xente si que lle interesaba, si que quería estar alí e ver a curta.

Responsabilizas dese abandono as administracións, principalmente o Concello, ou tamén as salas privadas?

As ideas artísticas que eu tiña viñan do que eu consumía na cidade, de ir a bares de jazz como o Xancarajazz, de ver as cousas que pasaban no Café Uf, de ir a concertos en Churruca. Eu sempre digo que estudei o grao no café De Catro a Catro. Se tes todo iso na cabeza, está claro que che vai entrar algún tipo de pulsión. O problema vén cando te profesionalizas, que non tes un sitio que te acolla. Non ten ningún tipo de sentido que lle pidamos a un bar que nos pague un caché profesional, porque está para outra cousa, está para un público pequeniño, para que te achegue á xente. O problema é que simplemente non temos onde facer o noso traballo.

Pódese vivir da poesía?

Eu diría que vivo da arte. Tiven que aprender que hai un ecosistema ao redor. Teño uns grupos de creación literaria de forma regular, fago crítica literaria, teño un par de proxectos de mediación cultural. Despois, tamén me dedico a comunicar e á corrección editorial. Un popurrí de cousas. Tamén me gustaría dicir que eu non quero vivir en Compostela, pero na provincia da Coruña hai moitísimo máis traballo cultural, a maioría dos obradoiros de escrita que teño son alí. Móvense máis cousas na provincia da Coruña e creo que temos que facer por baixalas, literalmente, ás Rías Baixas. A min encantárame poñer moita enerxía en que iso suceda. Que tiren de nós as institucións que queiran facer cousas. Hai persoas que estamos dispostas a asumir a dirección dun festival, por exemplo, ou a comernos a cabeza coa programación. Que tiren de nós e que se aproveiten diso, porque queremos facelo e queremos que suceda en Vigo e na provincia de Pontevedra en xeral.